

Santiago de Compostela, a 22 de abril de 2020

A/A XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE COMPOSTELA

DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS



DE: SINDICATO CIG-SAÚDE

ASUNTO: DATOS COMPLETOS PROFESIONAIS CONTAXIADOS POR SARS-CoV-2

Xabier Alvedro Álvarez, delegado de prevención de riscos laborais de CIG-Saúde, e no seu nome, manifesta:

Primeiro: Que semanalmente se nos actualiza, por parte desa xerencia, os datos relativos ao persoal contaxiado por SARS-CoV-2.

Segundo: Que estes datos que nos proporcionan son **datos de prevalencia (persoas positivas nunha data concreta)**. Pero non reflicten nin o total de profesionais que foron casos positivos, nin o total de persoas que foron hospitalizadas ou ingresadas na UCI ao longo do período de notificación.

Polo exposto, SOLICITO:

Primeiro: Que, a partires de hoxe, se inclúa no informe os **datos acumulados** que permitan coñecer o total de profesionais da área sanitaria que resultaron positivos, os que precisaron hospitalización e os que ingresaron na UCI. Tanto datos globais como datos por categorías e algún servizo en particular se está máis afectado.

Segundo: Que se trasladen a un gráfico estes datos, para visibilizar a **curva de datos acumulados por días**, que permitiría ver eficacia das medidas preventivas.

Terceiro: Que se nos informe do número de persoal e servizo no que traballa que por motivo de cuarentena está no domicilio á espera de resultados ou por outro motivo.



Asinado: Xabier Alvedro Álvarez

Delegado de prevención de riscos de CIG-Saúde Compostela